

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007259	IES Río Cabe	Monforte de Lemos	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	9
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	9
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	10
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	13
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	14
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	15
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	16
o) Outros apartados	16

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

1. A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O artigo 6, puntos 1 e 2, da nova lei educativa, LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación), establece que “enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada un dos ensinos” e “o currículo irá orientado a facilitar o desenvolvemento educativo dos alumnos e alumnas, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoos para o exercicio pleno dos dereitos humanos, dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual”.

Na LOMLOE, as competencias clave foron definidas a partir da recomendación do Consello da Unión Europea relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, tendo en conta ademais os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030. Segundo a citada recomendación, o ensino das competencias clave é fundamental para que os individuos consigan un pleno desenvolvemento individual, social e profesional nun mundo marcado pola globalización, a tecnificación e o cambio constante.

As competencias clave defínense, en esencia, como un conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes. Os coñecementos (“saber”) recollen feitos, ideas e conceptos que adquirimos de maneira abstracta; pero son as capacidades (“saber facer”) as que permiten utilizar e articular os coñecementos asimilados nun contexto determinado, obtendo desta maneira resultados concretos. As actitudes (“saber ser”), á súa vez, definen as mentalidades e a disposición para actuar ante determinadas ideas ou situacións.

A partir desta definición tripartita, expóñense 8 competencias clave, que deben soster o peso da educación nas diferentes áreas (en primaria) e materias (en secundaria):

1. En comunicación lingüística: consiste en identificar, comprender e expresar ideas, opinións e sentimentos, tanto oralmente como por escrito, a través de soportes audiovisuais e multimodais en diferentes contextos e con distintos fins.
2. Plurilingüe: trátase de manexar diversas linguas correcta e eficientemente para a aprendizaxe e a comunicación.
3. Matemática e en ciencia e tecnoloxía (STEM): fai referencia a comprender e transformar a contorna dun modo comprometido, responsable e sostible usando o método científico, o pensamento matemático, a tecnoloxía e as técnicas da enxeñería.

4. Dixital: radica en facer un uso seguro e responsable das novas tecnoloxías da información e a comunicación, tanto no ámbito educativo como no laboral e social.

5. Persoal, social e de aprender a aprender: das competencias clave da LOMLOE é a relacionada con reflexionar sobre un mesmo, cooperar e interactuar coa xente do noso arredor e favorecer a capacidade de aprendizaxe e crecemento persoal ao longo da vida.

6. Cidadá: refírese a participar dun modo activo, responsable e cívico no desenvolvemento da sociedade, ademais de fomentar unha cidadanía mundial e adquirir un compromiso coa sustentabilidade.

7. Emprendedora: é a capacidade de identificar as oportunidades e utilizar os coñecementos adquiridos anteriormente para idear procesos que contribúan a alcanzar uns obxectivos preestablecidos ou achegar valor engadido a algo. Ter creatividade e iniciativa. Pasar das ideas á acción.

8. Conciencia e expresión culturais: fundaméntase en ter unha actitude crítica, positiva, respectuosa e aberta ao diálogo ante as diferentes manifestacións culturais e artísticas que existen.

Cabe sinalar que todas elas constan de 3 dimensións: cognitiva (compresión e asimilación de información), instrumental (uso dos coñecementos para a obtención de resultados) e actitudinal (capacidade de acción ou reacción ante ideas ou situacións).

Así mesmo, este modelo de aprendizaxe competencial da LOMLOE está pensado para que a consecución dunha destas aptitudes contribúa á obtención das demais.

No caso do Bacharelato, non podemos esquecer que un dos seus principios xerais é: “O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madurez intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional e capacitar para o acceso á educación superior.”

Polo tanto, desde o noso centro debemos contribuír a:

1. Ofrecer ao estudante ferramentas que poidan serlle de utilidade e proveito na súa vida cotiá, incluso unha vez superada a etapa de escolarización.

2. Adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe á sociedade actual, globalizada, tecnificada e en continuo cambio.

3. Transformar o concepto tradicional do ensino baseado na adquisición de coñecementos nun concepto de aprendizaxe competencial orientado ao exercicio dunha cidadanía activa.

Tomaremos, pois, unha serie de medidas para que o alumnado adquira estas competencias. Por un lado, mediante a contribución que cada materia faga a través das súas programacións didácticas e, por outro, mediante medidas non curriculares relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción tutorial, o plan de convivencia, o plan lector, a estratexia dixital, o plan de mellora, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, o apoio e recoñecemento do traballo do profesorado e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e o entorno.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Debido tanto ao perfil do alumnado do centro, como aos cambios producidos na sociedade actual, cremos necesario incorporar os seguintes elementos transversais ao currículo:

- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade internacional, lingüística e cultural como un elemento enriquecedor da sociedade.
- A comprensión da sociedade internacional e a educación intercultural.
- A inclusión educativa para que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua e unha maior individualización do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Un uso axeitado, racional, consciente e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación, no ámbito educativo e polo tanto na vida cotiá.
- A igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual.
- A educación para a paz, a non violencia e os dereitos humanos.
- Aspectos relacionados cos hábitos de vida activa saudable.

Seguindo estas premisas todos os departamentos didácticos traballarán, desde as distintas

áreas de aprendizaxe, diferentes temas transversais ligados ao Plan de Acción tutorial.

Tamén se traballarán dende:

- Clubs de Lectura.
- Biblioteca.
- Plan Dixital.
- Plans Proxecta.
- Proxecto Observa_Acción.
- Cinema na aula.
- Programa TEI.
- PROA+.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A nivel xeral consideramos necesario entender o proceso de ensino-aprendizaxe dende un enfoque globalizado no que se teñen en conta todos os elementos do proceso (alumnado, familias, persoal docente, persoal non docente e a sociedade na que vivimos) e as estruturas que participan nel, é dicir, todo o que ocorre na aula - interaccións, contidos, metodoloxías, materiais, etc - e a achega do Centro coa súa filosofía e os sinais de identidade.

Como eixes centrais a nivel metodolóxico marcámonos os seguintes:

A- Fomentar un proceso de ensino-aprendizaxe que se adapte á sociedade cambiante e ambigua na que toca vivir, polo cal necesita estar en continuo cambio.

B- Favorecer dinámicas de traballo en equipo, interdisciplinar e desenvolvendo as

habilidades emocionais.

C- Realizar un traballo individualizado tendo en conta todas as capacidades do alumnado, buscando unha metodoloxía aberta, flexible, motivadora e participativa.

1- A educación concíbese como un proceso de ensino e aprendizaxe de carácter non exclusivamente unidireccional do profesor/a cara ao alumnado. Na relación docente-alumno debe primar a interacción. O profesor/a debe recibir información sobre o grao de asimilación e interese, por parte do alumnado, dos coñecementos e actividades propostas. O fin perseguido é reorientar e acompañar en todo momento o proceso de ensino e aprendizaxe, en función da resposta do alumnado, adaptando as estratexias e os recursos didácticos empregados, se fose necesario.

2- Os ensinamentos tratarán de ser útiles, adaptados á contorna do alumnado, de forma que permitan transferir os coñecementos e destrezas adquiridas a novas situacións.

3- Aínda que cada materia traballa certas competencias específicas, naquelas que resultan coincidentes en varias áreas é necesario adoptar criterios comúns. No centro está en marcha o proxecto TIL (tratamento integrado de linguas), para adoptar criterios comúns en todas as materias, en especial nas materias do ámbito lingüístico, e máis en concreto en Lingua Castelá e Lingua Galega.

4- Débese fomentar e favorecer o traballo en equipo do profesorado para proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente que atenden a cada alumno/a no grupo.

5- Levarase a cabo unha atención específica aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Tendo en conta os distintos tipos de necesidades que pode presentar o noso alumnado, avanza no traballo de elaboración de adaptacións curriculares polos departamentos, prestando apoio personalizado, non só ao alumnado de necesidades educativas especiais, senón tamén a todo o alumnado que o precise. Todo elo en constante colaboración co departamento de Orientación, no que resulta fundamental o traballo coordinado da orientadora e mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica, quen realizan apoio na aula e fóra dela.

6- No proceso de ensino e aprendizaxe terase en conta o punto de partida do grupo e do alumno/a en particular. O Instituto leva a cabo reunións de coordinación cos Centros de Primaria adscritos, para coñecer o perfil académico e persoal do alumnado que se incorpora en 1º ESO. Ademais, nos cursos onde se incorporan novos alumnos, realízanse, en todas as materias, probas iniciais e observacións sistemáticas, cuxos resultados son analizados posteriormente polos equipos docentes nas avaliacións iniciais, co fin, entre outros, de detectar o alumnado con dificultades de aprendizaxe, decidir as medidas de apoio posibles e coñecer o nivel de partida do grupo clase. No caso de alumnado de incorporación tardía, realízase de igual xeito unha avaliación inicial e tómanse, se procede, as medidas de apoio necesarias.

7- Nos procesos de ensino-aprendizaxe utilizaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación dun xeito proporcional e racional, sen deixar de empregar as outras ferramentas que se viñan empregando ata o de agora.

8- Na aprendizaxe de linguas estranxeiras dáse prioridade á comprensión e expresión

oral no devandito idioma, utilizando a lingua castelá e/ou galega só como apoio no proceso.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Entendemos por materiais e recursos didácticos aqueles que son utilizados no desenvolvemento das clases e que serven de guía ou elemento vertebrador da materia ao longo do curso.

- Libros de texto. Deseñados para cumprir co currículo.
- Libros de consulta ou lectura. Poderían ser utilizados na súa totalidade ou en parte para o seguimento da materia.
- Apuntamentos. Públicos ou privados.
- Audiovisuais. Materiais multimedia utilizados para o seguimento da materia.
- Aula Virtual do centro.
- Calquera outro material e/ou recurso co cal conseguir unha aprendizaxe significativa, activa, participativa e motivadora.

Os departamentos didácticos, de maneira consensuada, determinarán que materiais e recursos didácticos utilizarán para as distintas materias e cursos que imparten, atendendo a criterios de idoneidade e custo.

O IES Río Cabe participa no programa E-Dixgal, polo que todo o alumnado de ESO dispón dun ordenador portátil para usar na aula e na casa. Dentro da filosofía de uso racional e axeitado das novas tecnoloxías o alumnado so poderá facer uso do devandito ordenador durante as horas de clase e sempre e cando o profesor correspondente llo autorice.

Varios departamentos solicitaron a participación en dito programa e usan tamén libros dixitais.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do centro partirá da normativa educativa vixente e do que a administración educativa dispoña en canto á autorización de oferta das diferentes ensinanzas.

O centro configurará itinerarios tendo en conta:

- A escolla realizada polo alumnado na matrícula de cada curso.
- Os recursos humanos dispoñibles procedentes do cupo de profesorado asignado ao centro.
- A atención á diversidade.

Polo tanto, para a elaboración dos itinerarios ofrecerase ao alumando a máis ampla posibilidade de escolla, tendo como restrición o número de horas de docencia dispoñibles procedentes do cupo de profesorado asignado ao centro.

En canto á optatividade, tomando tamén como restrición a dispoñibilidade horaria que supón o cupo de profesorado asignado ao centro, ofreceranse o máximo número de materias optativas que solicite o alumnado, pedindo autorización á inspección educativa naqueles casos en que non se acade o mínimo esixido.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

A oferta de actividades complementarias e extraescolares baséase nos seguintes criterios:

- Coherencia coa filosofía do centro.
- Importancia para o desenvolvemento na formación do alumnado.
- Reparto equitativo entre os diversos cursos.
- Intereses culturais e/ou sociais do alumnado.
- Coñecemento e posta en valor da nosa contorna, lingua e tradicións.
- Convivencia e colaboración entre o alumnado.
- Necesidades detectadas en diferentes cursos/grupos.
- Promoción de hábitos de vida saudable: nutrición, exercicio físico, prevención de adicións.
- Aprendizaxe das linguas estranxeiras.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.

Ao inicio de curso a xefatura de estudos comunicará ao profesorado a relación de alumnado con materias pendentes. O profesorado que imparte a materia obxecto de recuperación elaborará, baixo as directrices do departamento didáctico, un plan de reforzo individualizado que terá como referente os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

O plan de reforzo incluírá cando menos os seguintes apartados:

- Identificación do alumno/a.
- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo a desenvolver, especificando os criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas a realizar e temporalización das mesmas.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

O titor/a recopilará os plans de reforzo dos seus titorandos e encargarse de facer chegar ás familias o contido dos mesmos tras a avaliación inicial.

Nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso farase un seguimento dos plans de reforzo de cada alumno/a e realizaranse os axustes que procedan, os cales quedarán reflectidos na documentación do correspondente departamento didáctico.

Na sesión de avaliación final decidirase sobre a avaliación de materias pendentes de cada alumno/a. Para superar a materia pendente, o alumno/a deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

1. Na sesión de avaliación final onde se tome a decisión de que o alumno permaneza un ano máis no mesmo curso, o equipo docente, coordinado polo titor/a, elaborará un informe onde se especifiquen os seguintes aspectos:

- Datos de identificación do alumno/a.
- Relación de necesidades educativas que motivan a repetición de curso.
- Medidas ordinarias de atención á diversidade aplicadas.
- Oferta de medidas extraordinarias de atención á diversidade, se fose o caso.

Estes informes serán custodiados pola xefatura de estudos e servirán de referente para elaborar ao inicio do curso seguinte o plan específico personalizado para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

2. Ao inicio de curso o equipo docente coordinado polo titor/a, tomando como referente a información do equipo docente do curso anterior elaborará o plan específico personalizado para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, e que se desenvolverá ao longo de todo o curso.

Este plan incluírá a lo menos os seguintes apartados:

- Identificación do alumno/a.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
- Medidas ordinarias de atención á diversidade aplicadas o curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- Oferta de medidas extraordinarias, de ser o caso.
- Acreditación da información á familia.

Tras a avaliación Inicial o titor/a fará chegar á familia a información do plan individualizado proposto para o seu fillo/a.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Educación Secundaria Obrigatoria - Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o

equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b. Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- d. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Educación Secundaria Obrigatoria - Titulación

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Bacharelato - Promoción

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Bacharelato - Titulación

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a. Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c. Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

Educación secundaria para persoas adultas

- Realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por módulo en cada un dos tres ámbitos de coñecemento para facilitar o progreso do alumnado no seu itinerario formativo e facilitar tamén o recoñecemento da formación obtida en contextos non formais.

- Para establecer a cualificación do Ámbito de Comunicación cando interveñan dous profesores ou profesoras, realizarase a media ponderada dos dous submódulos integrados nel, o submódulo integrado por Lingua Castelá e Lingua Galega terá unha valoración do 70% e o submódulo de Lingua Estranxeira do 30% tanto no caso do alumnado que curse as tres materias como no caso daqueles alumnos/as que teñan exención de Lingua Galega.

- O equipo de avaliación, presidido polo titor ou titora do grupo, poderá decidir a promoción ao módulo seguinte do alumnado avaliado negativamente nun dos módulos dun ámbito de coñecemento, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a. Que o equipo docente considere que a natureza do ámbito non superado lle permite seguir con éxito o nivel seguinte.
- b. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- c. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

- Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cumprirá ter superado o módulo 4 de todos os ámbitos da educación secundaria para persoas adultas. Excepcionalmente, o equipo avaliador poderá propor para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ao alumno ou á alumna que, ao finalizar o nivel 4 da educación secundaria para persoas adultas, sexa avaliado negativamente nun dos ámbitos de coñecemento, sempre que teña adquiridas as competencias correspondentes e acadados os obxectivos establecidos para o ensino básico para as persoas adultas.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Educación Secundaria Obrigatoria - Matrícula de honra

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán

previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. En consecuencia, establécese:

- a. Concederanse as mencións aos alumnos ou alumnas cunha maior nota media no 4º curso de ESO.
- b. En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de toda a etapa.
- c. De persistir o empate, terase en conta o número de deces, noves, oitos, e/ou setes, obtidos no conxunto da etapa.
- d. De persistir o empate, procederase a sorteo público ao día seguinte hábil de celebrarse as sesións de avaliación final.

Bacharelato - Matrícula de honra

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. En consecuencia, establécese:

- a. Concederanse as mencións aos alumnos ou alumnas cunha maior nota media no 2º curso de bacharelato.
- b. En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de toda a etapa.
- c. De persistir o empate, terase en conta o número de deces, noves, oitos, e/ou setes, obtidos no segundo curso.
- d. De persistir o empate, terase en conta o número de deces, noves, oitos, e/ou setes, obtidos no primeiro curso.
- e. De persistir o empate, terá preferencia o alumnado coa renda per cápita máis baixa. (Renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do último exercicio fiscal pechado entre o número de membros computables).

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e revisar a súa redacción final.

As programacións didácticas elaboraranse na aplicación PROENS e contemplarán os seguintes apartados:

1. Introducción.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- 3.1. Relación de unidades didácticas.
- 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas.
- 3.3. Avaliación das unidades didácticas.
- 4.1. Concrecións metodolóxicas.
- 4.2. Materiais e recursos didácticos.
- 5.1. Procedemento para a avaliación inicial.
- 5.2. Criterios de cualificación e recuperación.
- 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.
6. Medidas de atención á diversidade.
- 7.1. Concreción dos elementos transversais.
- 7.2. Actividades complementarias.
- 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora.
9. Outros apartados.
- 10.1. Distribución CA por UD (por OBX).
- 10.2. Distribución CA por UD (por Bloque).
- 10.3. Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe. O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación, senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente. O profesorado informará ao alumnado das programacións docentes da súa materia ou ámbito. Esta información básica incluírá os criterios de avaliación, os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación. Así mesmo, as programacións estarán a disposición das familias na páxina web do centro.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios de participación do centro en proxectos, plans e programas serán os seguintes:

- Que sexan coherentes coa filosofía do centro: atención á diversidade, inclusión, participación, interculturalidade, igualdade,...
- Que a súa participación sexa aprobada polo Claustro.
- Que a súa participación sexa aprobada polo Consello Escolar.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A revisión, avaliación e modificación da concreción curricular levarase a cabo, anualmente, polo claustro de profesorado.

o) Outros apartados

1. Memoria de final de curso

Os departamentos didácticos elaborarán unha memoria de final de curso que contemplará os seguintes apartados:

- Datos xerais
- Reunións de departamento: datas de celebración e temas tratados.
- Avaliación da programación.
- Análise de resultados na ESO.
- Análise de resultados Bacharelato.
- Análise de resultados dos alumnos das ensinanzas de adultos.
- Análise de resultados dos alumnos con materias pendentes.
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Valoración do funcionamento do departamento.
- Propostas de revisión e mellora.